

ASUNTO: APLICACIÓN DA *NORMATIVA DE PERMANENCIA E PROGRESO DO ESTUDANTADO DAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E DE MÁSTER UNIVERSITARIOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO* PARA O CURSO ACADÉMICO 2014-2015.

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº 201400009540
26/05/14 13:39:35

Para o seu coñecemento e para que poida informar axeitadamente ao estudantado afectado do seu centro ou titulación, comunícolle que, trala entrada en vigor da *Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo* (aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, e publicada no DOG, de 19 de abril de 2013), cómpre ditar unhas instrucións para a aplicación de dita normativa no curso 2014-2015 tendo en conta os seguintes criterios xerais:

1. Admitirase por defecto a matrícula aumentada ata 75 créditos que establece o artigo 3.6, reservándose a posibilidade de que os centros responsables das titulacións soliciten expresamente exercer o seu control mediante o requisito do visto e prace ao que se refire o dito artigo. No caso dos centros que opten por esta posibilidade, o alumnado afectado deberá efectuar a matrícula e, mediante o formulario dispoñible, solicitar no centro a matrícula aumentada. Unha vez resolta favorablemente a solicitude, poderá realizarse a modificación de matrícula necesaria.
2. Para evitar a súa aplicación con efectos retroactivos ao estudantado, en matrícula de continuación de estudos, comezados con anterioridade ao curso 2013-2014, actuarase do seguinte xeito:
 - O requisito de progreso que se establece nos artigos 4.1b e 4.2b, comezou a aplicarse no curso 2013-2014, non contabilizándose os créditos superados con anterioridade.
 - Para a aplicación do artigo 4.4, o cálculo do total de créditos que lle resten por consumir a cada estudante farase restando do total do dobre dos créditos necesarios para obter a titulación, os créditos superados e recoñecidos ata o momento da aplicación da norma, é dicir, anteriores ao curso 2013-2014. Non se terán en conta os créditos matriculados e non superados. A partir do curso 2013-2014, restaranse os créditos matriculados e o dobre dos recoñecidos, sempre que estes non se tivesen matriculados con anterioridade e, de ser así, restarán unha soa vez.

- No curso 2014/2015 a aquelas e aqueles estudantes que se matriculen da totalidade dos créditos que lles resten para rematar os seus estudos, permitiráselles a matrícula aumentada ata 75 ECTS para evitar que a aplicación da norma afecte á planificación persoal dos seus estudos. Neses casos deberán matricularse de 60 ECTS e solicitar posteriormente a modificación da matrícula. No caso dos centros que optaron polo exercicio do requisito da autorización previa da matrícula aumentada, o alumnado deberá seguir o procedemento establecido que se indica no apartado 1.
- 3. Tendo en conta o artigo 4.4 da normativa, o alumnado adaptado a estudos de grao, procedente de titulacións LRU, poderá matricularse ao longo da súa permanencia no grao do dobre dos créditos que lle restan para obter a titulación.
- 4. Nos plans de estudo nos que o alumnado non teña a posibilidade de matricularse dos máximos establecidos nos artigos 3.2 (60 créditos) ou 3.6 (75 créditos) da normativa, poderanse superar ditos máximos ata un 10% coa autorización do órgano de dirección do centro, sempre que dita superación sexa orixinada pola matrícula dunha única materia.
- 5. No caso de rendementos académicos excepcionais e previa solicitude ao decano/a ou director/a do centro, o órgano competente de cada centro poderá autorizar a ampliación de créditos máximos de matrícula, recollidos nos apartados anteriores.
- 6. No caso dos plans de estudo de máster que requiran a superación de complementos de formación, os créditos destes non computarán aos efectos da matrícula máxima e mínima establecida no artigo 3.2. da normativa, quedando exceptuada nestes casos a posibilidade de cursar simultaneidade de estudos.
- 7. O alumnado matriculado en estudos de programacións conxuntas (simultaneidade) queda excluído do cumprimento da normativa de permanencia e rexerase polo seu regulamento específico.
- 8. O alumnado matriculado no grao en Enxeñaría Mecánica no Centro Universitario da Defensa de Marín, queda excluído do cumprimento da normativa de permanencia e rexerase polo seu regulamento específico.
- 9. Ten a mesma consideración de trasladado para continuación de estudos o alumnado que accede por recoñecemento dun mínimo de 30 créditos, como o que se incorpora a unha mesma titulación polo proceso xeral de admisión (preinscrición), segundo o artigo 56 do Real decreto 1892/2008, de 14 de novembro.

10. Con respecto ao artigo 3.4. o alumnado poderá solicitar á Dirección do Centro o cambio a matrícula parcial por causa sobrevida, debidamente xustificada nas condicións que dispón o artigo 3.4, ata o período de modificación de matrícula do segundo cuatrimestre.
11. Excepcionalmente, respecto ao alumnado que ten que completar os 300 créditos requiridos para o acceso a estudos de doutoramento, entenderase que os apartados 3.2. e 3.3. (primeiro parágrafo) permiten a matrícula de menos de 48 créditos, na modalidade de tempo completo, e de menos de 24 créditos, na modalidade de tempo parcial, para os efectos de poder acadar ese mínimo de 300 créditos.
12. Poderase simultanear a matrícula nun Máster Universitario (ata un máximo de 60 ECTS) na modalidade de formación continua coa matrícula de fin de carreira nun grao. No caso de superar a totalidade do grao en fin de carreira, o alumnado poderá modificar a súa matrícula do máster á modalidade de matrícula ordinaria no prazo que se estableza.
13. Para o comezo da matrícula do curso 2014/2015 estará habilitada na Secretaría Virtual a información da situación de cada estudante con respecto aos créditos consumidos e restantes en aplicación do artigo 4.4.

A presente instrución de aplicación da normativa de permanencia derroga a anterior de data 7 de xuño de 2013.

Vigo, 23 de maio de 2014

Vicerreitora de Estudantes



Dolores González-Álvarez
Asdo: Dolores González-Álvarez

XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
DIRECTORA DA ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
DECANAS/OS E DIRECTORAS/ES DOS CENTROS
COORDINADORAS/ES DE TITULACIÓNS DE GRAO UNIVERSITARIO
COORDINADORAS/ES DE TITULACIÓNS DE MÁSTER UNIVERSITARIO